# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E OITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

## (ACTA NÚMERO 41)

**Presidente:**
D. José Tomé Roca

**Sres/as. Deputados/as:**
Dª. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
Dª. Mónica Freire Rancaño

**Secretario:**
D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e oito de outubro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a señora deputada dona Mª. del Pilar García Porto e os señores deputados don Xosé María Arias Fernández e don José Luis Raposo Magdalena.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E UN DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e un de outubro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CESIÓN DO LOTE Nº 2 DO CONTRATO DE SERVIZOS EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIÓNS DE CONSERVACIÓN NA REDE VIARIA PROVINCIAL. LOTE 2: O VALADOURO, FOZ, ALFOZ, BARREIROS, LOURENZÁ, RIBADEO, TRABADA, MONDOÑEDO, ABADÍN, PONTENOVA, RIOTORTO E PASTORIZA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento e do informe emitido polo servizo de Vías e Obras, o que prestou conformidade a Secretaria Xeral, que contén o seguinte:

"1.- Acordo da Xunta de Goberno de data 26.11.2021 relativo á adxudicación do Lote 2 do contrato de servizos execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, a favor de Construcciones Cazás, S.L., con CSV: IV7FEX7L3JEZJDH7WHWFOHS7NY, nas condicións indicadas a continuación:

<table>
<tr><th>LICITADOR</th><th>OFERTADO</th></tr>
<tr><td>CONSTRUCCIONES CAZÁS, S.L.</td><td>1.- Comprométese a executar o LOTE nº 2 incluído no contrato de referencia por importe de setecentos nove mil catrocentos vinte e dous euros con vinte e nove céntimos (709.422,29 €), aos que se engadirán cento corenta e oito mil novecentos setenta e oito euros con sesenta e oito céntimos (148.978,68 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de oitocentos cincuenta e oito mil catrocentos euros con noventa e sete euros (858.400,97 €).<br>2.-Non compromete a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións).
<table>
<tr><th>VEHÍCULO</th><th>ETIQUETA ECO</th><th>ETIQUETA 0 EMISIÓNS</th></tr>
<tr><td>FURGONETA</td><td>☐ Si<br>☒ Non</td><td>☐ Si<br>☒ Non</td></tr>
<tr><td>FURGÓN</td><td>☐ Si<br>☒ Non</td><td>☐ Si<br>☒ Non</td></tr>
</table>
3.- Se compromete á realización de inventario de deslinde en enlaces, interseccións e obras de paso onde conflúan estradas da rede viaria provincial con estradas autonómicas, estatáis ou doutras entidades locais.<br>4.- Se compromete a executar 2.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado “R” do cadro resume deste PCAP.</td></tr>
</table>

2.- Formalización do contrato, datada o día 01 de febreiro de 2022, con CSV: IV7CSOAOJ5W37VJJ2J7R6ZJF4M.

3.- A data de inicio de contrato é o día 18 de febreiro de 2022, segundo consta en acta de inicio con CSV: IV7C5UIYJMOLLPJ6UA7MLYQ6CU

4.- Escrito presentado o día 10 de xuño de 2022 (nº rexistro 2022RT008822) por D. José Carlos Cancelos González, representación da entidade mercantil Construcciones Cazas S.L., con C.I.F. B-27.010.982, no que se interesa a cesión do contrato a favor da mercantil Construcciones Isidro Otero S.L.

5.- Informe do Responsable do contrato do 19 de setembro de 2022, con CSV: IV7AS2Y5FN7P36J3YVGAEVYPKE.

6.- Requirimento de Presidencia, con CSV: IV7AYSLNLRUPZ3US47WEKRYFNY de data 18 de outubro de 2022, de documentación adicional.

7.- D.Isidro Otero Bello,en representación da empresa Construcciones Isidro Otero, S.L. aportou o día 20.10.2022 por sede electrónica (nº rexistro 2022RT013667) a documentación solicitada, sendo esta correcta.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin

perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, trascurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente

clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente."

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

"Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abrise a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal...."

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado "R" do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliables automaticamente (Ver partado 1 dos antecedentes deste informe), circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Director Facultativo do contrato, no que se recolle que:

"Se emite el siguiente informe a petición del Responsable del Contrato "Ejecución de diversas operaciones de conservación en la red viaria provincial, Lotes 1 a 8. 2021-2023.

Exp. nº 2021/CON_02 000011":

A día 31 de agosto de 2022, fecha de expedición de la relación valorada nº6 del lote 2 del referido contrato, los trabajos acreditados importaban la cantidad de 226.301,19 €, IVA incluido, lo que supone un 26,36 % sobre el precio del contrato, quedando disponibles, en esa fecha, 632.099,78 €.

Es todo lo que se informa a los efectos oportunos".

Sexta.- Cúmprese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

"c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar".

D. Isidro Otero Bello,en representación da empresa Construcciones Isidro Otero, S.L. aportou por sede electrónica (nº rexistro 2022RT013667) correctamente e en prazo a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP. Incorpórase ao expediente a documentación esixida na cláusula 17 do PCAP.

Declaración responsable na que o licitador manifesta que as circunstancias que constan no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia e no rolece non experimentaron variación.

Declaración responsable onde se concretan os medios persoais e materiais que adscribirá á execución do contrato.

Cadea de mando e interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

A maiores, incorpórase de oficio o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación de Lugo emitido polo servizo de Recadación.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia/clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Dende esa data -de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se

constitúa a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente. O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Novena.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión: Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito."

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Autorizar a cesión, pola entidade Construcciones Cazas S.L., a favor da mercantil Construcciones Isidro Otero S.L. do Lote 2 do contrato de servizos de Execución de diversas

operacións de conservación na rede viaria provincial. (Lote 2: O Valadouro, Foz, Alfoz, Barreiros, Lourenzá, Ribadeo, Trabada, Mondoñedo, Abadín, Pontenova, Riotorto y Pastoriza.)

**2º**.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

a) Escritura pública de formalización das cesións entre o cedente e o cesionario.

b) Resgardos acreditativos da constitución da garantía polo cesionario, polos mesmos importes que as actualmente constituídas. En tanto non se constitúa a garantía polo cesionario, seguirá respondendo a constituída pola cedente. O importe da garantía constituída ascende a 35.471,12 euros."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para construción de Centro de atención a persoas maiores (CAM – Guitiriz).*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da Botica para construción de Centro de atención a persoas maiores (CAM – Guitiriz), consta no mesmo:

1. Proxecto da obra GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da botica para construción de Centro de atención a persoas maiores (CAM – GUITIRIZ), redactado polo arquitecto D. Antonio de Vega Rodríguez.

2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AYODKLNOY33XZAFXFD3RAD4

3. Orde/Providencia de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7A6XDK2DR5JXJ32VXR4M3VKY

4. Acta de Reformulo Previo, asinada en data 06/09/2022.

5. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7A6XBTLV5NWREOYEGAEH3VAI

6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7AZTS5DNMPTTX3ZR5XKD3DG4

7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AZTSS3NO7TDZ6A354AMBWEM

8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade con observacións e/ou accións complementarias

CSV: Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º**.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: GUITIRIZ.- Proxecto de modificacións e actuacións para a recuperación da Casa da botica para construción de Centro de atención a persoas maiores (CAM – GUITIRIZ), con informe de supervisión favorable, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º**.- Aprobar o expediente de contratación e disponer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131

da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º**.- Aprobar o gasto, por importe de 1.997.695,29 €, dos cales 181.608,66 € corresponden ao IVE (10%), conforme ás seguintes anualidades:

| ANUALIDADE | CAM GUITIRIZ | | |
|---|---|---|---|
| | APLICACIÓN | IMPORTE | RC |
| 2022 | 2315.6500955<br>2315.65009 | 192.556,36€ | 220219/6274 |
| 2022 | | 1.290.313,22€ | 22022/22168 |
| 2023 | | 257.412,86€ | 220229/364 |
| 2024 | | 257.412,85€ | 220229/364 |
| TOTAL | | 1.997.695,29€ | |

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades de 2023 e 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.

**Primeiro**.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20/10/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVSQ5PU7Y3355CZECEEDFCY[1].

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 "Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)", P.K. 6+100 a 9+950, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7AUPLKDMG6Z27ZCRMMMFQFMM.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7AWAP4KFRIRDZP4MYUEMQTCQ.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AWAPTNT7JYRJTTRF5AZHX6A.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AWGLLPBRJZGN43UOXAVZTKQ.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 02/09/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AQWLJLX6K3ZGC2DWQOVC64Q.

8. Publicación, o día 02/09/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 19/09/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7ASHY6BP64T2U5SAVTCATV4U.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

[1] Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7A4G3K2FW2VZP5DUEUALZCAQ, reunida en acto público con data 30/09/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| EMPRESA | PUNTOS |
|---|---|
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | 15,00 |

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

TABOADA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-6001 “TABOADA (N-540A) – ADA – MUNDÍN (LU-213)”, P.K. 6+100 A 9+950

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 151.947,09 | | |
| VALOR ESTIMADO | 125.576,11 | 26.370,98 | IVE. PARTIDA INDEPEND |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 | MESES | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | DOC "A" | OBJETIVOS (80) | | | | SUBXECTIVOS (20) | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | MAX 2.511,52 € | | |
| | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (60) | MELLORAS ( CUNETA) (10) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | MEMORIA TÉCNICA (INFORME TÉCNICO | Plantel / Discapacitados |
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | | 149.900,00 € | 0,00 | SI | 628,10 | 15 | 187/3 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | OBXECTIVOS (80) | | | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (60) | | MELLORAS (... ) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | CUNETA | | SI /NO | | MAXIMO 2% V.E. | 2.511,52 € | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | UNIDADES | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 149.900,00 € | 60,00 | 0,00 | 0,00 | SI | 5,00 | 628,10 | 5,00 | 15,00 | 85,00 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA | BAIXA |
|---|---|---|---|---|
| | | | Oferta | |
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 149.900,00 € | 113.960,32 |

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | | 85,00 |

b) Requirir á mercantil Francisco Gómez y Cía SL para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.194,21 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado,

entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 06/10/2022 con CSV: IV7A6TKJOD5OL3V7RTVBENCHAM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Francisco Gómez y Cía SL, para que dentro do prazo de 5 días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 07/10/2022, rematando o prazo de presentación o día 17/10/2022. A mercantil Francisco Gómez y Cía SL, presentou a documentación requirida o 17/10/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 20/10/2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Francisco Gómez y Cía SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, P.K. 6+100 a 9+950. (2022/CON_02/000063), nos termos seguintes:

a. Prezo de 149.900,00 €, dos cales 26.015,70€ corresponden ao IVE (21%).

b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

c. Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 628,10€ mais IVE.

d. Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (o adxudicatario comprometese na oferta técnica a reducir o prazo de execución e 2 semanas, sendo o previsto no proxecto 2 meses).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición aumento do prazo de garantía; programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar á empresa Francisco Gómez y Cía SL con C.I.F. B-15009533 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 "Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)", P.K. 6+100 a 9+950. (2022/CON_02/000063), nos termos seguintes:

a. Prezo de 149.900,00 €, dos cales 26.015,70€ corresponden ao IVE (21%).

b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

c. Un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 628,10€ mais IVE.

d. Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (o adxudicatario comprometese na oferta técnica a reducir o prazo de execución e 2 semanas, sendo o previsto no proxecto 2 meses).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición aumento do prazo de garantía; programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º**.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º**.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo**.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: BARALLA.- rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 20/10/2022, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AVSQSLJOZRXB56EAMMJQXOE[2].

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7AUPLPEH63TRGYZQ7FKYKHCE.

3. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7AWAP4NJEL4T5365GGAJAOGM.

4. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7AWAPTNRVLYW6JDQIXIDZGIQ.

5. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AWGL4DQZ7X6WJUXW5GU2CJY.

[2] Accesible no seguinte enlace https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm

6. Acordo da Xunta de Goberno, de data 02/09/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AQWLJH4ESX7EPCLWFH5PFIY.

7. Publicación, o día 02/09/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

8. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

9. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 19/09/2022, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7ASHY6BQMMTOHJCDXC547QKE.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres "documentación administrativa", resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo "oferta técnica", que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

10. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7A4G3L3ARJR6R5ZV4WCMZDNY, reunida en acto público con data 30/09/2022, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

| EMPRESA | PUNTOS |
|---|---|
| OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | 13,75 |

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

BARALLA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0508 "CONDOMIÑA – CASTROLANZÁN – GASALLA" P.K. 0+000 A 2+500

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 159.830,88 | | |
| VALOR ESTIMADO | 132.091,64 | 27.739,24 | IVE. PARTIDA INDEPEND |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 2 | MESES | |

| MAX |
|---|
| 2.641,83 € |

| | EMPRESAS / (GRUPO) | | DOC "A" | OBJETIVOS (80) | | | | SUBXECTIVOS (20) | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) (60) | MELLORAS ( CUNETA) (10) | AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5) | PROGRAMA DIVULGACIÓN (5) | MEMORIA TÉCNICA (INFORME TÉCNICO | Plantel / Discapacitados |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | | 158.268,00 € | 0,00 | SI | 0,00 | 13,75 | 54/1 |

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| | EMPRESAS / (GRUPO) | | OBXECTIVOS (80) | | | | | | | | XUÍZO DE VALOR - SUBXECTIVOS (20) | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO (60) | | MELLORAS (... ) (10) | | AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5) | | PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5) | | MEMORIA TÉCNICA | |
| | | | OFERTA (INCLUÍDO IVA) | | CUNETA | | SI /NO | | MAXIMO 2% V.E. | 2.641,83 € | SEGUNDO INFORME TÉCNICO | |
| | | | | PTOS | UNIDADES | PTOS | SI/NO | PTOS | IMPORTE | PTOS | PTOS | |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 158.268,00 € | 60,00 | 0,00 | 0,00 | SI | 5,00 | 0,00 | 0,00 | 13,75 | 78,75 |

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| | EMPRESAS | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 158.268,00 € |

| BAIXA |
|---|
| 119.873,16 |

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

| | EMPRESAS / (GRUPO) | | TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | | 78,75 |

b) Requirir á mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, para que, dentro do prazo de 5 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 6.540,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

12. Por resolución da Presidencia de data 06/10/2022 con CSV: IV7A6TKJGEWD3762TTYBCD7E4Y, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU, para que dentro do prazo de 5 días hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 07/10/2022, rematando o prazo de presentación o día 17/10/2022. A mercantil Ovisa Pavimentos y Obras SLU, presentou a documentación requirida o 17/10/2022 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 20/10/2022, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera

cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 “Condomiña – Castrolanzán – Gasalla” P.K. 0+000 a 2+500 (2022/CON_02/000064) nos termos seguintes:

a. Prezo de 158.268,00 €, dos cales 27.468,00€ corresponden ao IVE (21%).

b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

c. Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (o adxudicatario comprometese na oferta técnica a reducir o prazo de execución e 2 semanas, sendo o previsto no proxecto 2 meses).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición aumento do prazo de garantía; o a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar á empresa Ovisa Pavimentos y Obras SLU con C.I.F. B-15016207 representada por D. Juan Sanmartín Ferreiro con DNI ***7191**, a contratación da obra denominada BARALLA.- Rehabilitación de firme LU-P-0508 "Condomiña – Castrolanzán – Gasalla" P.K. 0+000 a 2+500 (2022/CON_02/000064) nos termos seguintes:

a. Prezo de 158.268,00 €, dos cales 27.468,00€ corresponden ao IVE (21%).

b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

c. Prazo de execución de 1 mes e 2 semanas (o adxudicatario comprometese na oferta técnica a reducir o prazo de execución e 2 semanas, sendo o previsto no proxecto 2 meses).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición aumento do prazo de garantía; o a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º**.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6. A base 14, indica que “...motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputacion, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases.

Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Único 2022, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de Taboada que se sinala, e que queda incluído no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Taboada, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2022 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

| CONCELLO | Nº | INVESTIMENTO | ACHEGA CONCELLO | ACHEGA DEPUTACIÓN | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| TABOADA | 254 | PAVIMENTACION DOS ACCESOS EN CASTELO, FONTEFRIA, IGREXA DE SAN PEDRO, RÚA NOVA A SEARA, VALBOA, QUINZÁN E MONTECELOS | 14.673,10 € | 122.854.41 € | 137.527.51 € |

**2º**.- Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º**.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS DIRECTAS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL POR IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 15.000,00 €.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Modificación da documentación relativa á tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2022/XEN_01/000182), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro. Por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022 se aprobou, para a tramitación das subvención directas nominativas e das subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 € que se concedan no sucesivo, a seguinte documentación

1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas nominativas.

Anexo I- Solicitude.

Anexo II- Certificado do/a Secretario/a da entidade.

Anexo III- Solicitude de autorización para a subcontratación, total ou parcial, con terceiros da actuación subvencionable.

Anexo IV- Compromiso de obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para a execución das obras.

2. As instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos) de subvencións directas nominativas e a documentación que debe acompañar aos mesmos.

3. Os convenios tipo, atendendo a natureza xurídica dos beneficiarios:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades privadas.

a) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe inferior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.1 da OXS).

b) convenio tipo para subvencións directas nominativas por importe igual ou superior a 15.000,00 € (conta xustificativa simplificada en base ao establecido no artigo 32.2 da OXS).

Convenio tipo canalizador das subvencións directas nominativas a formalizar con entidades públicas (conta xustificativa mediante certificación en base ao establecido no artigo 28.5 da LSG e na base 24.9 de execución do vixente orzamento da Deputación).

4. O Protocolo interno de tramitación da concesión de subvencións directas nominativas.

5. Os modelos normalizados de xustificación (Anexos) das subvencións directas nominativas.

Anexo – Certificación xenérica (para entidades públicas)

Anexo I- Memoria económica

Anexo II- Relación clasificada de gastos

Anexo III- Declaración conxunta

Anexo IV- Declaración de destino do ben

Coa indicación de que a documentación aprobada para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións nominativas servirá de base para a concesión, tramitación e xustificación das subvencións directas de carácter excepcional cando se trate de subvencións por importe inferior a 15.000,00 €.e que os convenios tipo aprobados poden ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio.

Segundo: Por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xaneiro de 2022 prestouse aprobación á seguinte proposta:

“Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 25 de xaneiro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €, e que os convenios tipo aprobados podan ser obxecto de adaptación en casos excepcionais e previo informe emitido pola

Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido sustancial do convenio".

Terceiro: Por resolución presidencial de data 27 de outubro de 2022, prestouse aprobación á seguinte proposta:

"Primeiro: Aprobar a modificación da documentación relacionada no informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, e que consta no expediente.

Segundo: Publicar na páxina web do ente provincial:

O modelo normalizado de solicitude (Anexo I).

As instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos) e a documentación que debe acompañar aos mesmos.

O modelo normalizado de xustificación (Anexo IIII).

Terceiro: Trasladar aos centros xestores de subvencións o contido da documentación aprobada para a tramitación das citadas subvencións cuxo procedemento de concesión, tramitación e xustificación debe levarse a cabo na Sede Electrónica desta Deputación Provincial (telematicamente)".

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións viuse modificada pola entrada en vigor da seguinte normativa:

Incorporase a letra i) ao apartado 4 do artigo 2, con efectos do 7 de outubro de 2022, pola Disposición Final 8 da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro.

Incorporase o apartado 3 bis e se modifica o apartado 4 do artigo 13, con efectos do 19 de outubro de 2022, polo artigo 11.1 e 2 da Lei 18/2022, do 28 de setembro.

Modifícase o apartado 2 do artigo 31, con efectos do 19 de outubro de 2022, polo artigo 11.3 da Lei 18/2022, do 28 de setembro.

Motivación que serviu de base para que, por resolución presidencial de data 27 de outubro de 2022, se aprobase a modificación de documentación para a tramitación das subvención directas nominativas e das subvencións directas de carácter excepcional por importe inferior a 15.000,00 €.

Segundo: O órgano competente para establecer que dita documentación sexa de aplicación ás subvencións de carácter excepcional por importe igual ou superior a 150.000 € e a Xunta de Goberno en base ao disposto no artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo publicada no B.O.P de Lugo o 13 de abril de 2021 e na base 24ª.4 "órganos competentes en materia de subvencións" de Execución do Orzamento para a anualidade 2022.

Conclusións.

Por todo o exposto, e coa finalidade de axilizar e homoxeneizar o procedemento de tramitación de subvencións directas de carácter excepcional informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 27 de outubro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €."

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

**1º.-** Que a documentación aprobada por resolución presidencial, de data 27 de outubro de 2022, e que se acompaña ao expediente, sirva de base para a tramitación das subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00 €.

**2º.-** Publicar na páxina web do ente provincial:

O modelo normalizado de solicitude (Anexo I).
As instrucións para a cumprimentación dos modelos normalizados de solicitude (Anexos) e a documentación que debe acompañar aos mesmos.
O modelo normalizado de xustificación (Anexo IIII).

**3º.-** Trasladar aos centros xestores de subvencións o contido da documentación aprobada para a tramitación das citadas subvencións cuxo procedemento de concesión, tramitación e

xustificación debe levarse a cabo na Sede Electrónica desta Deputación Provincial (telematicamente).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

**Primeiro**.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de "Adquisición de tractor para labores de mantemento de vías e camiños de titularidade municipal".*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“En relación coa modificación do convenio de referencia, solicitada polo representante legal do Concello de Barreiros, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitiuse informe do seguinte teor:

“Antecedentes.

Primeiro.- O 31 de agosto de 2021 asinouse entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.

En virtude do establecido no número 4 da letra B da súa cláusula terceira, o Concello de Barreiros comprometeuse a executar as actuacións relacionadas co obxecto do convenio na data límite do 31 de outubro de 2022.

Así mesmo, consonte á cláusula quinta do convenio, asumiu a obriga de que, unha vez finalizadas as obras previstas e contempladas no convenio e, en todo caso, como máximo, o 15 de

novembro de 2022, presentaría ante a Deputación Provincial de Lugo unha conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados.

Segundo.- O 11 de outubro de 2022 tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2022RT013233) escrito do representante legal do Concello de Barreiros, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, no que atinxe ao número 4 da letra B da cláusula terceira, relativo ao prazo de execución, para establecer unha nova data límite de realización das actuacións, que quedaría fixada no 15 de novembro de 2022.

Terceiro.- Estando a instrución do procedemento de trámite da dita solicitude en fase de fiscalización, o 20 de outubro, o representante do Concello de Barreiros presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade (RE nº: 2022RT013674) un novo escrito no que, tras expoñer que o envío da subministración constituínte do obxecto do convenio se ía retrasar un mes, solicitou que a dita modificación se fixera para establecer novas datas límite dos prazos de execución e xustificación, ata o 2 e o 9 de decembro de 2022, respectivamente.

Consideracións legais e técnicas.

I. O representante do Concello de Barreiros xustifica a súa solicitude de modificación do convenio de referencia, atribuíndo a imposibilidade do cumprimento das obrigas nel asumidas á situación actual de fabricación de vehículos, que se está a ver ralentizada pola falta habitual de subministracións.

Ao meu xuízo, a solicitude de modificación do convenio interadministrativo de colaboración, feita polo representante do Concello de Barreiros, tendo en conta a situación descrita, que é de xeral coñecemento, queda plenamente xustificada.

II. No que á modificación material do convenio respecta, consonte á letra g) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP):

Os convenios aos que se refire o apartado un do artigo anterior (os subscritos polas Administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados

ou dependentes e as Universidades publicas con suxeitos de dereito público e privado) deberán incluír, polo menos, as seguintes materias:

(...).

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Pois ben, a cláusula sétima do convenio que nos ocupa expresase ao respecto nos seguintes termos:

A modificación deste convenio, que se levará a cabo, de ser o caso, mediante addenda ao mesmo, poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre que dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos, previsto no artigo 49, letra h) da LRXSP.

É evidente que, no caso que nos ocupa, concorre un interese común na modificación do convenio, pois o fin común pretendido coa sinatura do mesmo non pode quedar diluído polas consecuencias da actual situación da fabricación de vehículos, sobre todo cando alcanzar aquel é posible mediante as modificacións solicitadas.

Por outra banda, a modificación solicitada non altera as condicións esenciais do documento inicial, pois, como quedou de manifesto, os fins pretendidos coa sinatura do convenio non se van ver alterados: coa modificación exposta só se pretende a ampliación dos prazos de execución e xustificación previstos naquel documento.

Por último, indicar que a cláusula sexta do convenio de referencia establece que:

(...).

A data límite da vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 31 de xaneiro de 2023, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2022, respectando en todo caso o límite temporal establecido no artigo 49, letra h) da LRXSP.

A este respecto queda acreditada a vixencia do convenio esixida polo súa cláusula sexta para a modificación, así como o respecto ao límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, pois só se pretende, no que á modificación dos prazos de execución e xustificación se refire, a súa ampliación, e non o de vixencia do convenio, que se mantén nos termos da citada cláusula sexta.

III. O órgano competente para aprobar a modificación do convenio de referencia é a Xunta de Goberno, por ser esta a que aprobou o texto do convenio e o gasto derivado da súa subscrición.

Por todo o exposto, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentario, se aprobe, pola Xunta de Goberno, a modificación das cláusulas terceira e quinta do convenio de referencia, no que atinxe ás datas límite dos prazos de execución e xustificación, que pasan de ser, dos días 31 de outubro e 15 de novembro de 2022, aos días 2 e 9 de novembro do mesmo ano, respectivamente; modificación prevista na súa cláusula sétima, que se levará a cabo a través da correspondente addenda, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

Así mesmo, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, o 26 de outubro de 2022.

Finalmente, á vista do expediente, a Unidade de Intervención fiscalizouno de conformidade o 27 de outubro de 2022.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

Modificación das cláusulas terceira e quinta do convenio de referencia, no que atinxe ás datas límite dos prazos de execución e xustificación, que pasan de ser, dos días 31 de outubro e 15 de novembro de 2022, aos días 2 e 9 de decembro do mesmo ano, respectivamente; modificación prevista na súa cláusula sétima, que se levará a cabo a través da correspondente addenda, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo**.- *Proposta sobre aprobación de primeira addenda do convenio da subvención directa de carácter excepcional plurianual entre a Excma. Deputación de Lugo e a Asociación profesional gandeiros de Lugo para a anualidade 2020,2021, 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Primeiro.- Que por acordo de Xunta de Goberno, de data 17 de xullo de 2020, aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa de carácter excepcional outorgada, por importe de 105.000 €, a favor do beneficiario, Asociación Profesional Gandeiros de Lugo co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional", nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023.

Segundo.- O importe da subvención tramitouse como gasto plurianual coa seguinte distribución:

| Ano 2020 | Ano 2021 | Ano 2022 | Ano 2023 |
|---|---|---|---|
| 17.500 € | 35.000 € | 35.000€ | 17.500 € |

Terceiro.- Con data 21 de xullo de 2020, asinouse o convenio regulador da subvención directa de carácter excepcional plurianual entre a Deputación de Lugo e a Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo co obxecto de colaborar na actuación "Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional" (anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023).

Cuarto.- Consta na cláusula décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación) que se fixa con unha vixencia plurianual, que comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xuño de 2020, e estenderase ata a aprobación das xustificacións correspondentes a cada anualidade; aínda que, en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do Convenio poderán acordar a súa prórroga por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa correspondente á anualidade 2023 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa

finalización, será o 31 de xaneiro de 2025, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.

Quinto.- Considerando a solicitude procederá a modificación:

Do punto 1º do acordo de concesión da Xunta de Goberno de data 17 de xullo de 2020, quedando redactado como segue:

Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 140.000 €, a favor da entidade Asociación Profesional Gandeiros de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional”, nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023, subvención incluída na liña 4.1.c - Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2020: 17.500 €.

Anualidade 2021: 35.000 €.

Anualidade 2022: 35.000 €.

Anualidade 2023: 52.500 €.

Das cláusulas Segunda, Terceira, Sétima (apartado de gastos subvencionables) e a cláusula adicional primeira do convenio da subvención excepcional plurianual subscrito con data 21 de xullo de 2020, quedando redactadas como segue:

Cláusulas:

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.

O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo beneficiario da subvención, á cantidade total de 147.368,47 €,

imputándose o importe de 18.421,07 € a anualidade 2020, 36.842,11 € a anualidade 2021, 36.842,11 € a anualidade 2022 e 55.263,18€ a anualidade 2023.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial, polo que non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen ó seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.

Da Deputación:

Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 140.000 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.

Distribuídos da seguinte forma:

Anualidade 2020 un importe de 17.500 €.

Anualidade 2021 un importe de 35.000 €.

Anualidade 2022 un importe de 35.000 €.

Anualidade 2023 un importe de 52.500 €.

Incluír no orzamento do ano 2021 e 2022 a cantidade de 35.000 € e no do ano 2023 a cantidade de 52.500 €, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual e, polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.

En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, debe proceder á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.

A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Do Beneficiario:

Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización. Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, que serán por conta tamén do beneficiario.

Deberá incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.

Deberá comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.

Autoriza á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario.

Deberá achegar a conta xustificativa que acredite a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada, segundo ao establecido na cláusula sétima do convenio.

Percibirá o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a conta xustificativa achegada, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira.

Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.

Achegar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.

[…]

Gastos subvencionables.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidata, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do segundo semestre do ano 2020, dentro da anualidade 2021, 2022 e 2023.

Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.

O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Cláusulas adicionais.

Primeira.- Anticipo.

A Excma. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 50% sobre o importe de cada anualidade subvencionada, é dicir, 8.750 € para a anualidade 2020, 17.500 € para a anualidade 2021 e 2022, e 26.250 € para a anualidade 2023, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente. O anticipo da anualidade 2021, 2022 e 2023 non poderá ser tramitado ata que a Entidade beneficiaria teña presentada e fora aprobada a xustificación correspondente á anualidade previa.

[…]

Tendo en conta o sinalado dende a Sección de Promoción Económica e Emprego informase que:

Primeiro.- A lei 40/2015, de 1 de outubro, LRXSP, regula os convenios, definíndoos como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, as organizacións públicas e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes, ou as Universidades Públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Porén e sen prexuízo de respectar o esquema xurídico dos convenios, pactos ou acordos e tomando como referencia os artigos 47 e seguintes da lei 40/2015, do 1 de outubro, LRXSP, o apartado 7º do artigo 48 LRXSP, en canto aos convenios que instrumenten unha subvención deberán cumprir co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro, LXS, estando suxeitos, polo tanto, a unha norma especial e a un réxime xurídico especial, acorde coa actividade de fomento do desenvolvemento económico e social e cos fins ou obxectivos perseguidos pola Administración Pública, neste suposto Administración Provincial, co desenvolvemento desa actividade (artigo 3 LXS).

Segundo.- Ase mesmo a lei 40/2015, do 1 de outubro, LRXSP, establece que os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente se prevexa un prazo superior. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto no ordinal anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Terceiro.- Que a solicitude de prórroga do período de execución e o incremento do importe subvencionado para a anualidade 2023 realizouse por parte da entidade beneficiaria na forma e prazos establecidos legalmente, isto é, dentro do período de vixencia do convenio, e con indicación do período polo cal solicita a prórroga.

Cuarto.- Que a xuízo a prórroga do periodo de execución e o incremento do importe subvencionado en 35.000€ para a anualidade 2023 non prexudica o dereito de terceiros, en todo caso, a non modificación da citada prórroga e o non incremento da cantidade subvencionada na anualidade 2023 xeraría un grave prexuízo no desenvolvemento económico do sector agrogandeiro actual. Para mais abastanza terase en conta que os motivos, polos cales se fai preciso a ampliación do prazo de execución máis o incremento da cantidade subvencionada en 2023, eran imprevisibles no momento da solicitude e aprobación da subvención, factores medioambientais (seca, lumes..), factores económicos (incrementos dos prezos de materias primas provocado polo conflito bélico entre Rusa e Ucraína) e cambios normativos europeos (PAC) poñen en risco acadar o éxito final do proxecto polo que cómpre ampliar o prazo de execución e incrementar o importe subvencionado para que os gandeiros da provincia poidan a través do asesoramento que ofrece esta actividade afrontar estes imprevistos e así impulsar actividades agro gandeiras rendibles e xeradoras de emprego, que axuden a mitigar o abandono do campo contribúan o relevo xeracional, contribuíndo a crear unha actividade económica estable e xeradora de emprego que o mesmo tempo mellora a competitividade e rendibilidade das explotacións gandeiras tradicionais e promove a incorporación dos mozos ao sector, poñendo freo a sangría demográfica que esta a sufrir o rural da provincia de Lugo.

Por outra banda, o 14 de outubro de 2022, á vista da normativa de aplicación e da documentación achegada, a Sección de Promoción Económica e Emprego considerou que procede a concesión da prórroga do prazo de execución e o incremento do importe da subvención, en

35.000€, para a anualidade 2023 previstos no convenio asinado polas partes o 21 de xullo de 2020 canalizador da subvención directa excepcional plurianual outorgada pola Deputación Provincial de Lugo a Asociación Profesional de Gandeiros de Lugo, co obxecto de colaborar na financiación da "Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional", sendo articulada a mesma, mediante primeira addenda ao citado convenio, que acompaña no expediente, a cal modifica as cláusulas Segunda, Terceira, Sétima e a cláusula adicional primeira do convenio.

Quedando o importe da subvención distribuido como segue:

| Ano 2020 | Ano 2021 | Ano 2022 | Ano 2023 |
|---|---|---|---|
| 17.500 € | 35.000 € | 35.000€ | 52.500 €<br>(17.500€+35.000€) |

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Aprobar a modificación do punto 1º do acordo de concesión da Xunta de Goberno de data 17 de xullo de 2020, quedando redactado como segue:

Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa plurianual de carácter excepcional, por importe de 140.000 €, a favor da entidade Asociación Profesional Gandeiros de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación "Servizo de Asesoramento sobre Pastoreo Tradicional", nas anualidades 2020, 2021, 2022 e 2023, subvención incluída na liña 4.1.c – Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, pertencente á Área funcional de Promoción Económica e Social do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020.

O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:

Anualidade 2020: 17.500 €.

Anualidade 2021: 35.000 €.

Anualidade 2022: 35.000 €.

Anualidade 2023: 52.500 €.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento de 2023 a cantidade de 52.500,00 € (17.500,00+35.000,00€).

**2º.-** Aprobar a modificación das cláusulas Segunda, Terceira, Sétima (Gastos Subvencionables) e a cláusula adicional primeira do convenio, nos termos da primeira addenda de modificación incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do convenio de referencia."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 9.- PROPOSTA RELATIVA Á RESOLUCIÓN POR ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO MEDIANTE A CELEBRACIÓN DUNHA POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Tendo en conta que a Resolución de Presidencia do 19 de setembro de 2022 de aprobación do prego de condicións que rexerán no procedemento para o alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa foi publicado no BOP nº 219 do 23 de setembro de 2022.

Tendo en conta que unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes de participación na dita convocatoria pública celébrase a poxa o décimo día natural a contar dende o seguinte á dita publicación, que se corresponde co 3 de outubro de 2022.

Tendo en conta as Acta das sesións celebradas pola Mesa de poxa os días 3 de outubro e 20 de outubro de 2022, e asinadas o 10.10.2022 e o 21.10.2022 respectivamente,

Tendo en conta o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do día 24 de outubro de 2022 baixo o CSV IV7AYEI2MEXM4WW527WNG5LFKU no que se consideran axustadas ao prego reitor as conclusións da mesa de poxa para a formulación da proposta de adxudicación e no seu caso a adopción do pertinente acordo provincial pola Xunta de Goberno.

Tendo en conta que o presente expediente non está sometido a fiscalización previa como expresa o informe da Intervención emitido con data do 12.09.2022 baixo o CSV IV7ARX75NZHOTHJZW5WAMT3BOA co seguinte contido: “Dada a natureza do procedemento, poderiamos considerar que estamos ante a execución dun expediente de ingresos para a Deputación e, polo tanto, non sometido a fiscalización previa segundo a normativa de control interno das EE.LL. (RDL 2/2004 e RD 424/2017 ) tal e como determina o art.219.4 do RDL 2/2004, o art.9 do RD 424/2017 e a base de execución 36.2 en aplicación do disposto nos arts anteriores na que se determina literalmente o seguinte: “Tamén, en materia de ingresos públicos, tanto propios da Deputación como os que se xestionan e/ou recaden doutros entes públicos, substitúese a fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón en contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría,”

En todo caso o expediente n.º 2021/XEN_01/004449 deberá formar parte do universo de expedientes sometidos a actuacións de control financeiro posterior de acordo co establecido nos arts 219.4 do TRLHL e 9.2 do RCI”.

Tendo en conta o exposto, proponse á Xunta de Goberno elevar a definitiva a proposta de adxudicación feita pola Mesa de Poxa coa adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Adxudicar o procedemento de alleamento de diversas cabezas de gando da Granxa Provincial Gayoso Castro mediante a celebración dunha poxa a favor dos licitadores e ofertas seguintes:

Número 1. Francisco Javier Fernández Varela.
Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa.
ES021109775512 Vaca frisoa 13/07/2013 2.050 €+ IVE.
ES081111210364 Vaca frisoa 04/04/2015 2.000 €+ IVE.
ES071112748133 Femia frisoa 23/10/2019 2.000 €+IVE.
Lote 2 de Frisoas. Xatos frisóns de mais de 50 días.
ES081113699229 Macho frisona 29/12/2021 320 €+ IVE.
ES011113699244 Macho frisona 18/04/2022 410 €+IVE.
Total 6.780 € + IVE.

Número 2. Ganados Jose 2012, SL.

Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa.

ES011110015004 Vaca frisoa 08/10/2013 2.950 €+ IVE.

ES061110833181 Vaca frisoa 14/05/2016 1.800 €+ IVE.

ES011112178311 Vaca frisoa 22/05/2018 1.850 €+ IVE.

ES041111946876 Vaca frisoa 18/12/2017 2.600 €+ IVE.

Lote 1 de Cachenas. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos.

ES031113398782 Macho cachena 08/05/2021 850 €+IVE.

Lote 2 de Frisoas. Xatos frisóns de mais de 50 días.

ES011113398768 Macho frisona 13/07/2021 940 €+ IVE

ES051113398773 Macho frisona 30/08/2021 910 €+ IVE

ES011113699223 Macho frisona 26/11/2021 540 €+ IVE

ES021113699234 Macho frisona 21/02/2022 440 €+ IVE

ES031113699235 Macho frisona 24/02/2022 360 €+ IVE

ES001113699243 Macho frisona 13/04/2022 400 €+ IVE

Total 13.640 € + IVE

Número 5. Cárnicas Champam, S.L

Lote 3 de Frisoas. Vacas de desfeito.

ES041109353703 Vaca frisona 10/10/2012 1.200 €+ IVE

Lote 1 de Cachenas. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos

ES091112905925 Macho cachena 23/12/2020 1.150 €+ IVE

ES041112905919 Macho cachena 29/12/2020 1.200 €+ IVE

Lote 2 de Frisoas. Xatos frisóns de mais de 50 días

ES021113398769 Macho frisona 15/07/2021 1.040 €+ IVE

ES021113398770 Macho frisona 09/08/2021 800 €+ IVE

ES041113398772 Macho frisona 21/08/2021 1.160 €+IVE

ES041113699225 Macho frisona 03/12/2021 540 €+ IVE

Total 7.090 € + IVE

Número 6. Milagros Josefa Otero Díaz e por un importe de 510€ + IVE.
Lote 2 de Frisoas. Xatos frisóns de mais de 50 días
ES001113699222 Macho frisona 23/11/2021 510 €+ IVE
Total 510 €+ IVE

Número 7. Ganados Cudeiro SL
Lote 1 de Frisoas. Femias de vacún maior de raza frisoa
ES031111004710 Vaca frisoa 26/01/2017 1.850 €+IVE
Lote 1 de Cachenas. Animais machos de raza cachena de entre 1 e 2 anos
ES061112905922 Macho cachena 23/12/2020 1.100 €+ IVE
ES041112905920 Macho cachena 04/01/2021 1.100 €+ IVE
Lote 2 de Frisoas. Xatos frisóns de mais de 50 días
ES031113398760 Macho frisona 05/07/2021 1.110€+ IVE
ES061113398774 Macho frisona 30/08/2021 1.070 €+ IVE
ES031133699224 Femia frisona 03/12/2021 470 €+ IVE
ES091113699231 Macho frisona 09/01/2022 360 €+ IVE
ES011113699233 Macho frisona 29/01/2022 390 €+ IVE
ES091113699242 Macho frisona 15/03/2022 400 €+ IVE
Total 7.850 € + IVE

**2º.-** Formalizar a transmisión das titularidades dos devanditos semoventes previo o seu pagamento.

**3º.-** Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE**

**SUBDOT-2021/023, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/023, correspondente á Comunidade de Usuarios "Cordal de Ombreiro” (Lugo), destinada as obras de “Mellora e reparación das instalación da traída de augas”, concedéndolle unha subvención por importe de 4.525,89 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Antonio Castrillo Porres, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de Usuarios "Cordal de Ombreiro”, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/023, destinada ás obras de “Mellora e reparación das instalación da traída de augas” por un importe de 4.525,89 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/048, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/048, correspondente á AA.VV. San Cristovo de Mouricios (Chantada), destinada as obras de "Rehabilitación Casa Escola", concedéndolle unha subvención por importe de 5.700,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Elvira Matilde López Saco, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. San Cristovo de

Mouricios, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/048, destinada ás obras de "Rehabilitación Casa Escola" por un importe de 5.700,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/061, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/061, correspondente ao MVMC de Cumbraos (Monterroso), destinada as obras de "Mellora e Adecuación do firme de camiño", concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Mª José Álvarez Quintero, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Cumbraos, tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/061, destinada ás obras de "Mellora e Adecuación do firme de camiño" por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO, EN SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS, RELATIVA A PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS, ANO 2021.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

"Visto o informe da empresa Abante Arquitectura, S.L.P., de data 18 de outubro de 2022, encargada da valoración das solicitudes da subvención, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, para o ano 2021, no que se di:

"Realízase o presente informe tras detectarse erro material no importe proposto para concesión dun expediente, no informe de valoración das solicitude, calculado como importe máximo a conceder en base ao orzamento presentado (95%) sin ter considerado o importe solicitado, lixeiramente inferior...", procede a corrección de erros nos seguintes termos:

Onde di:

1.- Solicitudes estimadas ao abeiro das bases reguladoras da subvención, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, para o ano 2021.

| Nº EXPEDIENTE | TITULAR | % PARTICIP. | NIF/CIF | CONCEPTO | SUBVENCIÓN SOLICITADA | BAREMO | CONCELLO | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SUBDOT-2021/097 | SOFOR SANTA JULIANA S.L. | | B27468974 | MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS EN STA. JULIANA | 5.689,96 € | 53,2 | FONSAGRADA, A | 5.690,46 € |

Debe dicir:

1.- Solicitudes estimadas ao abeiro das bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios, para o ano 2021.

| Nº EXPEDIENTE | TITULAR | % PARTICIP. | NIF/CIF | CONCEPTO | SUBVENCIÓN SOLICITADA | BAREMO | CONCELLO | SUBVENCIÓN CONCEDIDA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SUBDOT-2021/097 | SOFOR SANTA JULIANA S.L. | | B27468974 | MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE ESPAZOS EN STA. JULIANA | 5.689,96 € | 53,2 | FONSAGRADA, A | 5.689,96 € |

Por todo elo, proponse á Xunta de Goberno a súa corrección nos termos anteriormente mencionados."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA RELATIVA Á RENUNCIA DE ENTIDADES PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2022).**

**Primeiro.–** *Aprobación, se procede, da renuncia da asociación de San Pedro de Santa Comba "Os Ferreiros" á participación no programa* Coñece a túa provincia *(anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o escrito presentado por Dona María del Carmen Villares Morán con DNI ***5966**, en representación da Asociación San Pedro de Santa Comba “Os Ferreiros” con NIF G27281047 en data 13/10/2022 (EXP2022/PES_03/019542) no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa provincia (excursión proposta para o 8 de novembro).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da Asociación San Pedro de Santa Comba “Os Ferreiros” con NIF G27281047 para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e manter o dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa, atendendo ao indicado no punto 9.8 da convocatoria, e segundo os requisitos que no seu caso se sinalen nas bases correspondentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**Segundo.–** *Aprobación, se procede, da renuncia da Asociación de veciños de Santa Eulalia de Santalla á participación no programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto o escrito de D. José Luis Lorido Carballeira con DNI ***4738**, en representación da entidade Asociación de Veciños de Santa Eulalia de Santalla con NIF G27377852 presentado en data 20/10/2022 (2022/PES_03/020323), no que comunica a renuncia á participación no Programa Coñece a túa Provincia (excursión concedida para o 28 de outubro de 2022).

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 17 de xaneiro de 2022.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 11 de febreiro de 2022 polo que se aproba a listaxe de entidades para a participación no Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2022) e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 12 de febreiro de 2022.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Estimar a renuncia da Asociación de Veciños de Santa Eulalia de Santalla con NIF G27377852 para a participación no Programa Coñece a túa provincia (anualidade 2022) e a perda do dereito desta entidade a participar na seguinte edición do programa atendendo ao sinalado na base 9.8 da convocatoria (non ter presentado a renuncia dentro dun prazo máximo de dez días antes da excursión concedida)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE**

**CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“En relación aos expediente de xustificación das entidades culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 17 de decembro de 2021, ao abeiro da convocatoria polo procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións a entidades asociativas culturais para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP n.º 156, de data 10 de xullo de 2021.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1. Na Xunta de Goberno do día 2 de xullo de 2021, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2. Con data 10 de xullo de 2021, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 156, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

3. Con data 17 de decembro de 2021, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, así como as solicitudes desestimadas

4. Con data 23 de decembro de 2021, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 293, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021.

5. A cláusula 11 das referidas bases, denominada "Xustificación e aboamento das subvencións", recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6. A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe "Prazos de xustificación", prevé: "Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021 (…)"

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada na Deputación de Lugo, o órgano de xestión requerirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención – previo trámite do expediente – (…) de conformidade ao establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (…) tramitarase o corresponde procedemento con audicencia do interesado"

7. Que unha vez finalizado o prazo para a entrega das contas xustificativas e revisadas as mesmas polo Servizo de Cultura, detectáronse unha serie de deficiencias, motivo polo cal, as asociacións que figuran na relación que se adxunta foron requiridas por Resolución de Presidencia, para que nun prazo de 10 días procederan á súa emenda en virtude do sinalado no punto 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e, no artigo 71.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención. Así mesmo, advertíaselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Das entidades que figuran na relación que se achega, obxecto deste informe, algunhas presentaron no Rexistro Xeral desta Excma. Deputación de Lugo, no prazo sinalado, a documentación que consideraron oportuno co fin de emendar a súa conta xustificativa. Dita documentación foi revisada novamente pola Unidade de Subvencións e Programas, o que se lle traslada a esta Xefatura de Servizo nun informe no que se sinala que a documentación presentada

polas Asociacións que se relacionan, non foi subsanada. Pola contra, outras non atenderon ao requerimento notificado por Resolución da Presidencia desta Excma. Deputación Provincial.

9. Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu ás sociación relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, resolveu, con data 8 de xullo de 2022 iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2021, aprobadas pola Xunta de Goberno do día 17 de decembro de 2021, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10. Con data 13 de xullo de 2022, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requiridos no seu momento.

11. Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron na Deputación de Lugo, alegacións ou documentación que subsanen a súa conta xustificativa.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten no anexo, concedidas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 156 de 10 de xullo de 2021, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e dos puntos 11 e 12 das Bases da Convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

| EXPEDIENTE | ENTIDADE | ACTIVIDADE | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2021_CCP_01_000085 | ASOC. CULTURAL DE VECIÑOS Y COMERCIANTES DE LA RESIDENCIA LUGO ASCORELU | VIAXE CULTURAL | 701,00€ |
| 2021_CCP_01_000091 | ASOC. CARPE DIEM - LUGO | VIAXE CULTURAL | 1.042,00€ |
| 2021_CCP_01_000126 | ASOC. CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA | RUTAS CAMIÑO INVERNO POR QUIROGA E POBRA DE BROLLÓN | 1.672,00€ |

**2º.-** Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS EN INSTALACIÓNS DE CARÁCTER CULTURAL E ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS CULTURAIS NA ANUALIDADE 2021.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"En relación aos expediente de xustificación das entidades culturais que se reflicten na listaxe anexa, correspondentes ás subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno do día 17 de decembro de 2021, ao abeiro da convocatoria polo procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencións a entidades asociativas culturais para a realización de investimentos en instalacións de carácter cultural y adquisición de equipamentos culturais, na anualidade 2021, convocado mediante extracto da convocatoria publicada no BOP n.º 156, de data 10 de xullo de 2021.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1. Na Xunta de Goberno do día 2 de xullo de 2021, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións

destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter culturais y adquisición de equipamentos culturais, na anualidade 2021, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrencia para a concesión.

2. Con data 10 de xullo de 2021, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 156, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

3. Con data 17 de decembro de 2021, por acordo da Xunta de Goberno, aprobouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter culturais y adquisición de equipamentos culturais na anualidade 2021, así como as solicitudes desestimadas

4. Con data 23 de decembro de 2021, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 293, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021.

5. A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6. A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021 (...)”

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada na Deputación de Lugo, o órgano de xestión requerirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención – previo trámite do expediente - (…) de conformidade ao establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (…) tramitarase o corresponde procedemento con audicencia do interesado”

7. Que unha vez finalizado o prazo para a entrega das contas xustificativas e revisadas as mesmas polo Servizo de Cultura, detectáronse unha serie de deficiencias, motivo polo cal, as asociacións que figuran na relación que se adxunta foron requiridas por Resolución de Presidencia, para que nun prazo de 10 días procederan á súa emenda en virtude do sinalado no punto 3, 11 e 12 das Bases reguladoras do mencionado concurso e, no artigo 71.2 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención. Así mesmo, advertíaselles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Das entidades que figuran na relación que se achega, obxecto deste informe, algunhas presentaron no Rexistro Xeral desta Excma. Deputación de Lugo, no prazo sinalado, a documentación que consideraron oportuno co fin de emendar a súa conta xustificativa. Dita documentación foi revisada novamente pola Unidade de Subvencións e Programas, o que se lle traslada a esta Xefatura de Servizo nun informe no que se sinala que a documentación presentada polas Asociacións que se relacionan, non foi subsanada. Pola contra, outras non atenderon ao requerimento notificado por Resolución da Presidencia desta Excma. Deputación Provincial.

9. Transcorrido o citado prazo de 10 días que se lles concedeu ás asociacións relacionadas, e non sendo atendido o citado requerimento, ou sendo atendido este pero presentada a documentación incorrectamente, a Presidencia desta Excma. Deputación de Lugo, resolveu, con data 8 de xullo de 2022 iniciar o expediente de perda de dereito ás subvencións de concorrencia competitiva destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter culturais y adquisición de equipamentos culturais, na anualidade 2021, aprobadas pola Xunta de Goberno do día 17 de decembro de 2021, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS.

10. Con data 13 de xullo de 2022, envíase notificación aos interesados, dando conta da Resolución da Presidencia citada, na que se lles comunica que, dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia segundo o establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requiridos no seu momento.

11. Transcorrido o prazo de 10 días, establecido para o trámite de audiencia, as asociacións culturais que se reflicten na listaxe anexa, non presentaron na Deputación de Lugo, alegacións ou documentación que subsanen a súa conta xustificativa.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Que se declare a perda do dereito ao cobro total das subvencións que se reflicten no anexo, concedidas, mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de investimentos en instalacións de carácter culturais y adquisición de equipamentos culturais, na anualidade 2021, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 156 de 10 de xullo de 2021, por incumprimento da obriga de xustificación en virtude dos artigos 34.3 e 37 da LXS, e dos puntos 11 e 12 das Bases da Convocatoria sinalada, e despois de transcorrer o prazo de audiencia establecido no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

| EXPEDIENTE | ENTIDADE | ACTIVIDADE | IMPORTE |
|---|---|---|---|
| 2021_CCP_01_000175 | BANDA DE MÚSICA DE CHANTADA | ADQUISICIÓN DE CADEIRAS, ATRÍS E ALTAVOZ | 1.282,00€ |

**2º.-** Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES, DO GASTO E DO MODELO DE ANEXO DA III COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL SALA PARA O ANO 2022.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto que a III Copa Deputación de Fútbol sala, supón unha actuación relevante e de importancia na promoción e fomento do deporte do fútbol sala e por extensión do deporte de base provincial, facendo efectivas as competencias da Deputación de Lugo no apoio ao desenvolvemento de actividades deportivas no ámbito territorial dos distintos concellos lucenses.

Visto que a III Copa Deputación de fútbol sala é unha competición organizada pola Federación Galega de Fútbol e dirixida segundo as bases de FUTGAL a todos aqueles equipos da provincia de Lugo das categorías Preferente Feminina F.S, 1ª Autonómica Feminina F.S., Terceira División F.S, Preferente Masculina F.S., 1ª Autonómica F.S. e 2ª Autonómica F.S.

Visto que o carácter desta competición é oficial, polo que será organizada pola Federación Galega de Fútbol.

Visto que a competición consta de varias fases e que aos equipos participantes na III Copa Deputación, a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial lles aboará como premio polos seus méritos deportivos na competición cantidades económicas en concepto de premio e de acordo cos criterios establecidos e en base ás normas de competición definidas por FUTGAL, polos resultados deportivos logrados por cada un dos participantes en función dos partidos efectivamente disputados, eliminatorias superadas e respectivas finais.

Visto o informe do Servizo de Deportes.

Visto o Informe favorable do servizo de Contratación e do servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación das bases de participación e asignación de premios da III Copa Deputación de fútbol sala para o ano 2022.

**2º**.- Aprobación do gasto destinado a premios correspondentes por un importe total de 18.700,00 € (dezaoito mil setecentos euros) con cargo á aplicación 3410.481 do orzamento da anualidade 2022.

**3º**.- Aprobar o modelo de anexo de participación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE PARTICIPACIÓN (REGULAMENTO FEDERATIVO), DO GASTO DOS PREMIOS DA COPA DEPUTACIÓN DE LUGO DE PIRAGÜISMO ANO 2022 E DO MODELO DE PARTICIPACIÓN.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deporte no que se reflicte que a presente Copa Deputación de piragüismo, de acordo co seu Regulamento, aprobado pola Federación Galega de Piragüismo (Aprobación: Asemblea xeral 06-02-2021 Actualizado febreiro 2022 Modificación: Comisión Delegada 31-03-2022 https://www.fegapi.es/documentacion/ligas-regulamentos) estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo.

Visto que se trata dunha competición de carácter oficial, dado que vai ser organizada pola Federación Galega de Piragüismo.

Visto que estará aberta a todos os clubs de piragüismo e seccións de piragüismo de entidades deportivas da provincia de Lugo e que aos participantes a Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica aboaralles pola súa participación unha cantidade económica en concepto de premio, en función dos resultados logrados na referida competición de acordo ao regulamento federativo da proba.

Visto informe do Servizo de Contratación e de Secretaría Xeral.

Visto o informe da Intervención.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar as bases de participación (regulamento federativo) da Copa Deputación de Lugo de piragüismo, ano 2022.

**2º.-** Aprobar o gasto correspondente por un importe total 20.000,00 € (vinte mil euros) con cargo á aplicación 3410 481 do vixente orzamento da anualidade 2022.

**3º.-** Aprobar así mesmo, o modelo de inscrición da Federación Galega de Piragüismo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO AO OBXECTO DE SELECCIONAR INTEGRANTES PARA CONFORMAR UNHA LISTAXE DE XESTOR/A ACELERA PEME, PARA PRESTAR SERVIZOS LABORAIS TEMPORAIS VINCULADOS AO PROGRAMA "REDE DE OFICINAS ACELERA PEME PARA CONTORNAS RURAIS" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Na Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo vaise desenvolver, acolléndose a unha axuda convocada ao abeiro da Resolución de 15 de decembro de

2021 do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o Programa denominado "Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais".

Para poñer en marcha e xestionar o Programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Xestor/a acelera PEME, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021).

Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as esixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao Artigo 20.Catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que establece: "Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Nas listaxes de emprego temporal vixente, non existe a categoría de Xestor/a acelera PEME, polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de Xestor/a acelera PEME, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia esixencia do programa.

Con fundamento no exposto con anterioridade; proponse á Xunta de Goberno en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202, xoves 3 de setembro de 2020), que acorde:

**1º**.- Aprobar as Bases que rexerán o procedemento selectivo para a creación, mediante o sistema de concurso-oposición libre, dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporal de Xestor/a acelera PEME, Grupo A-A2.

**2º**.- Que a listaxe de emprego temporal que se convoca sexa utilizada exclusivamente para á incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021), e vinculado ao Programa "Rede de oficinas acelera peme para contornas rurais", caducando cando remate.

**3º**.- Que a constitución, xestión e chamamentos das incorporacións do persoal da listaxe que se convoca, se realicen seguindo os criterios recollidos nas resolucións da Presidencia de datas 29 de setembro do 2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

**4º**.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar.

**5º**.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver o procedemento selectivo"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVOCATORIA PÚBLICA E BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO AO OBXECTO DE SELECCIONAR INTEGRANTES PARA CONFORMAR UNHA LISTAXE DE DINAMIZADOR/A DIXITAL, PARA PRESTAR SERVIZOS LABORAIS TEMPORAIS VINCULADOS AO PROGRAMA "REDE DE OFICINAS ACELERA PEME PARA CONTORNAS RURAIS" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Na Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo vaise desenvolver, acolléndose a unha axuda convocada ao abeiro da Resolución de 15 de decembro de

2021 do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, o Programa denominado "Rede de oficinas acelera PEME para contornas rurais".

Para poñer en marcha e xestionar o Programa é preciso contar con persoal que preste servizos como Dinamizador/a dixital, cuxa financiación irá con cargo a axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021).

Constatando que non existe persoal na Entidade que poda prestar os citados servizos, segundo os datos que figuran no Servizo de Recursos Humanos, débese acudir a incorporar persoal temporal ao considerar que a necesidade e a urxencia da incorporación de efectivos está motivada na imposibilidade de poñer en marcha o Programa sen contar con efectivos así como pola data de inicio do mesmo, cumprindo as esixencias da normativa vixente, en particular as referidas ao Artigo 20.Catro da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, que establece: "Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".

Nas listaxes de emprego temporal vixente, non existe a categoría de Dinamizador/a Dixital, polo que resulta necesario convocar o proceso selectivo para confeccionar a listaxe de Dinamizador/a dixital, ao obxecto de poder realizar os chamamentos para a prestación de servizos temporais en réxime xurídico laboral motivado na propia esixencia do programa.

Con fundamento no exposto con anterioridade; proponse á Xunta de Goberno en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP número 202, xoves 3 de setembro de 2020), que acorde:

**1º.-** Aprobar as Bases que rexerán o procedemento selectivo para a creación, mediante o sistema de concurso-oposición libre, dunha listaxe de emprego para prestar servizos laborais temporal de Dinamizador/a dixital, Grupo B.

**2º**.- Que a listaxe de emprego temporal que se convoca sexa utilizada exclusivamente para á incorporación de persoal financiado con cargo á axuda concedida pola Entidade Pública Empresarial RED.ES (BOE número 305, do mércores 22 de decembro de 2021), e vinculado ao Programa Rede de oficinas acelera peme para contornas rurais, caducando cando remate.

**3º**.- Que a constitución, xestión e chamamentos das incorporacións do persoal da listaxe que se convoca, se realicen seguindo os criterios recollidos nas resolucións da Presidencia de datas 29 de setembro do 2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009), 16 de decembro de 2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

**4º**.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos sinalados nas bases, desexe participar.

**5º**.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver o procedemento selectivo"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 21.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 231/2022.

Logo de ver a proposta da Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº231/2022/S seguido a instancia de Dª María Adela Peino Villares fronte á "desestimación presunta de la reclamación previa planteada y por la que se ha seguido el expediente de responsabilidad patrimonial nº72/20128, por los daños ocurridos el 30.04.2021...", á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º**.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 22.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 255/2022-A.

Logo de ver a proposta da Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº 255/2022/A seguido a instancia de D. José Marcial Santos Vázquez “contra la desestimación por silencio de la Reclamación Patrimonial formulada por mi representado frente a la Diputación de Lugo el 5 de agosto de 2021 al no habérsele notificado resolución expresa al respecto...”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º**.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**23.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 266/2022-B.**

Logo de ver a proposta da Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o oficio do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo polo que, entre outras cuestións, se require a esta entidade para que remita o expediente administrativo en relación co Procedemento Abreviado nº266/2022-B seguido a instancia do Concello de Antas de Ulla fronte a "resolución dictada el 16 de junio de 2022 por la Presidencia de la Excma. Diputación Provincial de Lugo, por la que se declaran ilegales las obras que define como de ejecución de obras en el vial LU-P-4002 entre los PKs 11+050 al 11-340 de la carretera LU-P-402 "Palas de Rei (LU-221), Ponte de Merced-Antas de Ulla (N-640) del término municipal de Antas de Ulla, en ambas márgenes, consistentes en la renovación del pavimento de las aceras, instalación bajo la margen izquierda de una tubería de abastecimiento y un conducto para canalización de alumbrado, sin el preceptivo informe vinculante de la Diputación Provincial de Lugo, por afectar presuntamente a elementos funcionales del vial; y se impone una sanción pecuniaria al Concello de Antas de Ulla", á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º**.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

**2º**.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

**3º**.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 24.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

*Dase conta da comunicación sobre a necesidade de subscrición dunha declaración de ausencia de conflicto de intereses pola participación nos fondos do Plan de Recuperación, transformación e Resiliencia, que dí o seguinte:*

A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública pola que se configura o sistema de xestión do PRTR- Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia establece no seu artigo 6.1 que, coa finalidade de protexer os intereses financeiros da Unión Europea (artígo 22 do Regulamento- UE 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021), toda entidade, decisoria ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» Neste senso o Pleno da Deputación de Lugo do 31 de maio do 2022, aprobou o Plan de Medidas Antifraude (PMA) da Deputación de Lugo, así como os seus modelos e formularios e o Código de Conducta. En particular, neste plan antifraude estabrécese como obrigatoria a suscripción dunha declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI) por quenes participen nos procedementos de execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia

Así en todo expediente de contratación/encargo/convenio/subvención que se financie con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia, debe incorporarse, a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) de todos os participantes no procedemento, segundo o modelos que xunta.

Declaración ausencia de conflito de intereses.
REF. 3_MF22/DACI_EPUB
Año: 2022
Versión: 1.0
Expediente n º: ______________________
Componente: 13- Impulso a la pyme
Contrato: ☒
Subvención: ☐
Convenio: ☐

Coa finalidade de garantir a imparcialidade no procedemento arriba referenciado, os abaixo asinantes, como participantes no proceso de preparación, tramitación, control e fiscalización do expediente, declara/declaran:

Primero. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflito de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das función véxase comprometido por razón familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal.»

2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ten o fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e asegurar a igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

3. Que o artigo 23 «Abstención», da Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece que deberán absterse de intervir no procedemento «as autoridades e o persoal ao servizo das Administracións en quen se dean algunhas das circunstancias sinaladas no apartado seguinte », sendo estas:

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter un vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable e o parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou enemistade manifiesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Intervir como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou prestarlle nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar».

Segundo. Que non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de intereses das indicadas no artigo 61.3 do Regulamento Financeiro da UE e que non concorre na súa/s persoa/s ningunha causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que poida afectar o procedemento de licitación/concesión.

Terceiro. Que se compromete/n a pór en coñecemento do órgano de contratación/comisión de avaliación, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea ou puidese dar lugar ao devandito escenario.

Cuarto. Coñezo que, unha declaración de ausencia de conflito de intereses que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

| FECHA | NOMBRE Y APELLIDOS | DNI | ÁREA | FASES EN LAS QUE SE INTERVINO | FIRMA |
|---|---|---|---|---|---|
| 21/10/2022 | | | | Membro da Xunta de Goberno | |

A Xunta de Goberno queda enterada.

## 25.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.